
Cesga e HP asinan un acordo de colaboración para a mellora das tecnoloxías Beowulf

- Modificado (21.09.2005)

Hoxe, martes 12 de novembro, a multinacional HP Invent e o Centro de Supercomputación de Galicia asinaron un acordo de colaboración para a optimización de tecnoloxías Beowulf. HP Invent comercializa estas tecnoloxías nos mercados internacionais baixo a marca Compaq.

Un cluster baseado en tecnoloxía Beowulf para cálculo científico foi instalado no Cesga o pasado mes de xuño. O Cesga e HP Invent intercambiarán información relativa a investigación sobre estas tecnoloxías e o Cesga pasará a ser Centro de Testado de Novos Desenvolvemento en Tecnoloxías Beowulf para a multinacional HP Invent durante os próximos dous anos.